



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Modificación ordenanzas fiscais nº 18 e nº 19. Aprobación definitiva

EDICTO

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo do Concello Pleno adoptado en sesión ordinaria, de data 26 de outubro de 2023, de aprobación provisional da modificación do art. 5 (cota tributaria) das ordenanzas fiscais:

- nº 18 reguladora da taxa por prestación do servizo de auga potable.
- nº 19 reguladora da taxa de sumidoiros.

De conformidade co disposto no art. 17.4 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público o texto integro da modificación da ordenanza fiscal, sen que esta entre en vigor ata que se leve a cabo devandita publicación.

Contra a modificación da ordenanza fiscal, unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, poderá imporse recurso contencioso administrativo nos termos establecidos na Lei reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

Ordes, 20 de decembro de 2023

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

I. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 18**REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AUGA POTABLE.**

Modificación do artigo 5º (cota tributaria) que quedará coa seguinte redacción:

“A cota tributaria será a que resulte de aplicación da seguinte tarifa:

Epígrafe 1º.- Servizos de abastecemento.

Doméstico:

Mínimo: ata 10 m³/aboado mes: 0,4303 €/m³.

Excesos: 0,5041 €/m³

Industrial e outros:

Mínimo: ata 20 m³/aboado mes: 0,4653 €/m³.

Excesos: 0,5224 €/m³.

Epígrafe 2º.- Cotas de conservación de acometidas de abastecemento e contadores

a) Cotas de conservación de acometidas de abastecemento: 0,2977 €/aboado mes.

b) Cotas de conservación de contadores: 0,3730 €/aboado mes.

Epígrafe 3º.- Xestión de cobros e impagos

Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación de recibos pendentes de pagamento: 4,84 €/unidade.

Epígrafe 4º.- Desprecintado de contador

Por cada desprecintado de contador: 21,40 €.

Epígrafe 5º.- Conexión á rede de abastecemento e precintado dos racores de contadores non colocados polo persoal do servizo: 21,40 €/unidade. A mesma tarifa terá a comprobación de contador do aboado con contador patrón a petición do aboadado.

Epígrafe 6º.- Acometidas e contadores

1. Prezo de acometidas de 1 a 5 metros:

Ø Acometida	Terra	Asfalto	Baldosa-beirarrúa
¾ "	203,74	268,71	324,29
1 "	223,72	288,06	343,04
1¼"-1½ "	296,18	361,17	417,50
2 "	352,45	416,18	471,82

2. Incremento para lonxitudes superiores a 5 metros:

Incremento por metro/Ø	¾ "	1 "	1¼" -1½ "	2 "
Terra	12,52	13,04	18,52	31,23
Asfalto	24,17	26,40	31,92	44,02
Baldosa-beirarrúa	29,38	30,98	36,79	48,69

3. Instalación de contador (15 mm Ø) en arqueta no chan: 213,81 €.

4. Instalación e batería de contador (15 mm Ø/20 mm Ø): 92,23 €/118,60 €; 122,99 € no caso de seren necesarias soldaduras en chumbo.

5. Contadores (sen colocación)

Ø en mm.	€/unidade
15	66,62
20	93,01
25	151,46
30	211,71
40	328,31
50	717,13
65	889,01

As tarifas indicadas veranse incrementadas co I.V.E. correspondente, sendo revisadas anualmente consonte ao IPC de marzo a marzo.”

II. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 19**REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS.****Modificación do artigo 5º (cota tributaria) que quedará coa seguinte redacción:**

“1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixira-se por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 121,98 €.

2. A unidade de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubo de PVC Ø 160/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como a conexión a colector existente para unha lonxitude máxima de 5 m. e unha profundidade máxima de 1,50 m.

Gabia en terra: 437,74 €.

Gabia en asfalto: 487,45 €

Gabia en beirarrúa: 558,33 €.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros públicos, usada na finca.

A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

a) Servizo de sumidoiros.

Por cada metro cúbico facturado en abastecemento: 0,1352 €/m³

a) Servizo de depuración de augas residuais:

o Aboados con servizo municipal de abastecemento

· Doméstico: 0,2065 €/m³

· Industrial e outros: 0,2065 €/m³

o Aboados que non o sexan do servizo municipal de abastecemento

· Doméstico: 2,6778 €/ab. mes

· Industrial e outros: 8,6512 €/ab. mes

b) Servizo de saneamento para aboados conectados á fosa séptica.

o Aboados con servizo municipal de abastecemento

· Doméstico: 0,2065 €/m³

· Industrial e outros: 0,2065 €/m³

o Aboados que non o sexan do servizo municipal de abastecemento

· Doméstico: 2,6778 €/ab. mes

· Industrial e outros: 8,6512 €/ab. mes

3. As tarifas indicadas veranse incrementadas co I.V.E. correspondente e serán revisadas anualmente consonte ao IPC de marzo a marzo.

En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable por abastecemento.

A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible”.

2023/9995